

# Substantivos e adxectivos

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Os **substantivos** son as palabras con que nomeamos as persoas, os animais e as cousas. Os substantivos teñen xénero: son masculinos ou femininos. Tamén teñen número: poden estar en singular ou en plural.

Os substantivos adoitan levar diante un determinante.

Os **adxectivos** son as palabras que din como son ou como están as persoas, os animais ou as cousas. Van no mesmo xénero e número ca o substantivo que acompañan.

### 1 Arrodea os substantivos de cada oración e subliña os adxectivos que os acompañan.

- Este patinete novo funciona cun motor eléctrico.
- Os zapatos vermellos regaloumos a miña tía andaluza.
- Este mono azul vive nos bosques tropicais.
- O meu osiño branco ten unha pata rota.



### 2 Escribe un substantivo e un adxectivo para completar cada oración.

- O \_\_\_\_\_ non marcaba ben as horas.
- Esta \_\_\_\_\_ xa non me queda ben.
- Tres \_\_\_\_\_ caeron da maceira do xardín.

### 3 Escribe a partir da escena polo menos dúas oracións que conteñan un substantivo acompañado dun adxectivo.

---



---



---



# A acentuación

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

A sílaba que soa máis forte nunha palabra é a **sílaba tónica**.

Nalgunhas palabras, a sílaba tónica márcase co signo (') que se denomina **acento gráfico**.

### 1 Arrodea a sílaba tónica destas palabras.

- funil
- música
- xogador
- árbitro
- cartón
- caixón
- botella
- cámara
- corenta
- científico
- exame
- francés



### 2 Copia as palabras da actividade anterior segundo onde teñan a sílaba tónica.

Na última sílaba \_\_\_\_\_

Na penúltima sílaba \_\_\_\_\_

Na antepenúltima sílaba \_\_\_\_\_

### 3 Completa cada palabra coa vogal acentuada correspondente.

á  
é  
í  
ó  
ú



bal \_\_\_ n



caf \_\_\_



calcet \_\_\_ n



autob \_\_\_ s



camp \_\_\_

# A cociña

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

azucres  
fariña

pota  
bandexa

bater  
relar



REFORZO

# Os posesivos

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Os **posesivos** son as palabras que indican a que persoa ou persoas pertence un ser ou un obxecto.

Cando van diante do substantivo, os posesivos son determinantes e van no mesmo xénero e número ca os substantivos a que se refiren.

### 1 Arrodea os posesivos do texto e subliña as palabras que levan diante e detrás.

#### Un bo can

Cando lles ensinei o can que encontrara, os meus pais dixeron que era moi grande para vivir dentro da nosa casa. Pero non se puideron resistir á súa mirada. É un animal moi cariñoso que gañou a toda a miña familia. E como case non ladra, mesmo os nosos veciños están encantados!



### 2 Clasifica os grupos que formaches no texto anterior.

Pertence á rapaza

os meus pais,

Pertence á rapaza e aos pais

Pertence ao can

### 3 Completa cada oración co posesivo que corresponda.

teus

súas

miña

seu

- Anía e o \_\_\_\_\_ curmán viranme buscar ás seis.
- Noa non se separa nunca das \_\_\_\_\_ irmás.
- Os \_\_\_\_\_ pais e mais ti estades contentos coa casa nova?
- A \_\_\_\_\_ bicicleta ten moitas marchas.

# O acento nas palabras agudas

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

As palabras que teñen como sílaba tónica a última chámanse **palabras agudas**.

As palabras agudas levan acento gráfico nos seguintes casos:

- Cando acaban en **vogal**, en vogal + **s**, en vogal + **n**, en vogal + **ns**.

As palabras agudas non levan acento gráfico nos seguintes casos:


- Cando rematan en consoante distinta de **n** ou **s** ou en ditongo decrecente (-**ai**, -**ei**, **oi**, -**ui**, -**au**, -**eu**, -**ou**, -**iu**) seguido ou non de -**s**.

### 1 Arrodea as palabras agudas e clasifícaaas.

- estou
- comer
- parchís
- bolígrafo
- encerado
- lapis
- pañín
- xesto
- balcóns
- bacallau

Agudas con acento	_____
Agudas sen acento	_____

### 2 Completa o encrucillado. Todas son palabras agudas.



- Cal é a palabra que non leva acento gráfico? \_\_\_\_\_  
Por que? \_\_\_\_\_

# O corpo

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_


REFORZO

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

xeonllo  
nocello

alto  
forte

sentado  
axeonllado



# Os demostrativos

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_


## Lembra

Os **demostrativos** son as palabras que indican a distancia que hai entre a persoa que fala e os seres ou os obxectos a que se refire.

Cando van diante do substantivo, os demostrativos son determinantes e van no mesmo xénero e número ca os substantivos que acompañan.

### 1 De quen é cada mesa? Escribe os nomes dos rapaces onde corresponda.

Esta mesa é de Paulo  
e esa mesa é de Martiño.  
Aquela mesa do final  
é de Laura.



### 2 Observa e completa a descrición co demostrativo que corresponda en cada caso.



aquel • esta • ese • aquela • eses

#### O noso parque

Aquí tes o parque do meu barrio. \_\_\_\_\_ zona de area  
é onde xogan os meniños. \_\_\_\_\_ tobogán é vello  
e non deixa escorregar ben. En cambio, sempre me quero  
enganchar a \_\_\_\_\_ aneis. É moi divertido! Tamén me  
gusta \_\_\_\_\_ bambán, que sobe moi alto. Por último,  
\_\_\_\_\_ pista de alí é onde se xoga ao fútbol.

# O acento nas palabras graves

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

As palabras que teñen como sílaba tónica a penúltima chámanse **palabras graves**.

As palabras graves levan acento gráfico nos casos seguintes:

- Cando acaban en consoante distinta de **-n** ou **-s**, ou en grupo consonántico distinto de **-ns**.

### 1 Ordena as sílabas e escribe palabras graves. Ten coidado cos acentos!



NEL TÚ



CEPS BÍ



ZO CA LA



RAS SOI TE



CA RA DEI



MÓ TO BIL AU

### 2 Subliña as palabras graves e coloca o acento gráfico nas que o necesiten.

- Nestor debuxa un reptil no encerado.
- Vitor xoga ao beisbol no equipo da escola.
- Cesar dixo que o exame era facil.
- O pai de Sara é consul e vive en Nixer.
- Iria puxo o chandal para ir xogar ao futbol.



# Os animais vertebrados

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

peteiro  
pata

ãxil  
veloz

nadar  
arrastrarse



# Os cuantificadores

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Os **numerais** son palabras que expresan cantidade ou orde de maneira precisa. Os numerais poden ser cardinais e ordinais.

Os **numerais cardinais** son os que expresan cantidades exactas. Os **numerais ordinais** son os que indican a orde que ocupan os seres ou os obxectos.

Os **indefinidos** son palabras que expresan cantidade de maneira imprecisa.

### 1 Subliña os numerais deste texto e arrodea os indefinidos.

#### Merenda coa avoa

Algúns días, cando saímos da escola, tres amigos e mais eu imos merendar á casa da avoa. Prepáranos moitas galletas e uns cantos zumes. E tamén nos dá algunhas lambetadas.

–Avoíña, só me deches catro caramelos! –dígolle.

–Se estivese aquí túa nai, diría que xa tomaches moitos doces.

É certo. Miña nai só me deixaría comer unha ou dúas lambetadas.

Por iso me gusta merendar na casa da avoa todos os días!



### 2 Escribe cambiando o numeral cardinal polo ordinal correspondente, coma no exemplo.

- seis ► sexto
- tres ► \_\_\_\_\_
- cinco ► \_\_\_\_\_
- sete ► \_\_\_\_\_
- nove ► \_\_\_\_\_
- catro ► \_\_\_\_\_

### 3 Debuxa tendo en conta o indefinido utilizado.

Moitas pelotas de tenis

Poucas raquetas

# O acento nas palabras esdrúxulas

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

As palabras que teñen como sílaba tónica a antepenúltima sílaba chámanse **palabras esdrúxulas**.

Todas as palabras esdrúxulas levan acento gráfico.

### 1 De que tipo é cada palabra? Relaciona.



balón



cómic




cámara

aguda

grave

esdrúxula



xilófono



pastel



mesa

### 2 Subliña as palabras esdrúxulas e ponlles o acento.

- piramide
- musica
- mago
- marmore
- ceramica
- trisilaba
- pelicula
- medicina
- carcere
- lanterna
- calor
- matematicas

### 3 Completa cada oración coa palabra adecuada da parella.

fabrica	Bárbara traballa nunha _____ de xeados.
fábrica	Martiño ten unha empresa que _____ cerámica galega.
practica	Vicente _____ co piano cinco horas ao día.
práctica	Aínda non teño moita _____ con este ordenador.
publico	Eu agora _____ os meus libros cunha editora alemá.
público	Os pallasos fixeron rir a todas as persoas do _____.

# Os animais invertebrados

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_


REFORZO

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

miñoca  
bolboreta

colmea  
formigueiro

picar  
zugar



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

**Lembra**

Os **verbos** son palabras que expresan accións.

A **conxugación** dun verbo é o conxunto de todas as formas que ten.

O **infinitivo** é a forma que utilizamos para nomear os verbos.

Hai tres conxugacións segundo como acabe o infinitivo. Pertencen á **primeira conxugación** os verbos acabados en **-ar**; á **segunda conxugación**, os verbos acabados en **-er**; e á **terceira conxugación**, os verbos acabados en **-ir**.

**1 Subliña os verbos deste texto.****Un futuro médico**

A nai do meu amigo Uxío traballa no hospital. Cada día atende moitos enfermos que acoden á consulta. Uxío sabe moitas cousas de medicina porque le información sobre o tema e pregúntalle a súa nai. Seguro que seguirá os pasos dela, chegará a médico e mesmo coincidirán no traballo.

**2 Pensa no infinitivo dos verbos que subliñaches e escríbeo na columna correspondente.**

1.ª conxugación (-ar)	2.ª conxugación (-er)	3.ª conxugación (-ir)
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

**3 Escribe un verbo, diferente dos que saíron nesta ficha, para cada terminación.**

• -ar ► \_\_\_\_\_ • -er ► \_\_\_\_\_ • -ir ► \_\_\_\_\_

# As maiúsculas

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

REFORZO

## Lembra

Escíbese con **maiúscula** a letra inicial dunha palabra nos casos seguintes:

- Ao principio dun texto.
- Despois de signos que pechan oracións, como o punto (.), o signo de interrogación (?) e o signo de admiración (!).
- Nos nomes propios de persoas, lugares, animais, etc.
- Nos títulos de libros, películas, obras teatrais, cancións, etc.
- Nos títulos de xornais e revistas (en todas as palabras).

**1** Copia o texto poñendo en maiúscula o que sexa necesario.

### a entrevista



non mo vas crer! esta mañá fixéronme unha entrevista na rúa. unha xornalista da revista alborada preguntoume sobre as miñas lecturas favoritas. eu faleille do libro que estou lendo agora. titúlase a escola dos piratas, de agustín fernández paz. por certo, ti sabes onde podo conseguir a revista? esqueceume preguntarllo.

---



---



---



---



---



---



---

# O mar

Nome \_\_\_\_\_


Data \_\_\_\_\_

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

ourizo de mar  
polbo

mariñeiro  
mergullador

faro  
boia



# O número e a persoa dos verbos

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

As formas verbais expresan **número**: poden estar en singular ou en plural.

As formas verbais tamén expresan a **persoa** que realiza a acción: poden estar en primeira, en segunda ou en terceira persoa.

### 1 Subliña os verbos dos globos e cópialos na columna que corresponda.



Verbos en singular	Verbos en plural
_____	_____
_____	_____
_____	_____

### 2 Completa as formas que faltan do verbo *cantar*.

	1.ª persoa	2.ª persoa	3.ª persoa
Singular	canto		
Plural		cantades	

# Palabras con h

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Escíbense con **h**:

- As formas dos verbos *haber, habitar, hospedar, herdar, prohibir*.
- Moitas palabras como *hora, home, hoxe, historia, homenaxe...*

### 1 Pon h ás seis das palabras seguintes que lles falta.

- |              |              |            |            |
|--------------|--------------|------------|------------|
| • ___irmán   | • ___otel    | • ___orta  | • ___oco   |
| • ___óspedes | • ___ovo     | • ___onte  | • ___ora   |
| • ___indio   | • ___ospital | • ___órreo | • ___ombro |

### 2 Completa as oracións coas palabras con h que atopaches na actividade anterior.

- A \_\_\_\_\_ dos avós está a carón do \_\_\_\_\_ onde gardan o millo.
- Chegou ao \_\_\_\_\_ xusto á \_\_\_\_\_ en que había máis urxencias.
- O \_\_\_\_\_ ten capacidade para corenta \_\_\_\_\_.

### 3 Completa coa palabra que se define en cada caso.

- As persoas que teñen sentido do **humor** e fan rir á xente son \_\_\_\_\_.
- As persoas que **habitan** un lugar son os seus \_\_\_\_\_.
- Unha **oveira** é unha caixiña cuns ocos para colocar os \_\_\_\_\_.
- Quen realiza unha fazaña **heroica** é un \_\_\_\_\_.
- As **orelleiras** protexen as \_\_\_\_\_ do frío.
- Un **herbario** é unha colección de \_\_\_\_\_ e follas.



# A clase

Nome \_\_\_\_\_


Data \_\_\_\_\_

REFORZO

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

xiz    mochila  
estoxo

explicar    borrar  
anotar



# Os tempos verbais

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Os verbos expresan accións que pasan nun tempo concreto.

Segundo o momento en que sitúan a acción, as formas verbais agrúpanse en diferentes tempos verbais.

Os tempos verbais poden ser **tempos pasados**, **tempos presentes** e **tempos futuros**.

### 1 Subliña as formas verbais dos globos segundo se indica.

vermello ► tempo presente  
azul ► tempo pasado  
negro ► tempo futuro

Onte viches a serie de monstros na Canle 22?

Se cha gravo, poderás vela mañá.

Non, e hoxe tampouco podo.

### 2 Completa escribindo a forma axeitada do verbo entre parénteses.

- Hai moitos anos, cando eu (*ser*, pasado) \_\_\_\_\_ pequena, a miña familia (*vivir*, pasado) \_\_\_\_\_ noutra vila.



- André e mais eu (*camiñar*, presente) \_\_\_\_\_ xuntos cara á escola todos os días.

- O próximo sábado, nós (*xogar*, futuro) \_\_\_\_\_ ao baloncesto. E vós que (*facer*, futuro) \_\_\_\_\_?



# Palabras con b

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Escríbese con **b**:

- Detrás de **m** e diante de **l** e **r** (agás na palabra *acivro*).
- As formas verbais en **-aba, -abas, -aba, -abamos, -abades, -aban** do pretérito imperfecto.
- As palabras que comezan por **bu-, bus-, bur-**.
- Moitas outras palabras como *abelá, automóbil, bolboreta, marabilla, gabián, polbo, sarabia...*

### 1 Atopa na sopa de letras as seis palabras con **b** definidas.

- Molusco mariño con oito brazos longos con ventosas.
- Chuvia conxelada.
- O contrario de duro.
- Persoa que apaga lumes.
- Froito da abeleira.
- Ave nocturna de ollos moi grandes.

P	E	L	B	A	L	L	A	B
O	U	M	A	N	R	B	E	A
L	S	A	R	A	B	I	A	B
B	O	M	B	E	I	R	O	U
O	A	B	A	B	E	L	Á	F
B	R	A	N	D	O	A	H	O

### 2 Completa con **b** e subliña as formas verbais rematadas en **-aba**.

Am\_\_\_\_\_rosio descansa\_\_\_\_\_a á som\_\_\_\_\_ra dun car\_\_\_\_\_allo

cando o seu irmán lle tocou no \_\_\_\_\_razo e dixo:

«Ai, pensa\_\_\_\_\_a que esta\_\_\_\_\_as durmindo!»

O po\_\_\_\_\_re Am\_\_\_\_\_rosio contestoulle: «Pois si,

esta\_\_\_\_\_a, pero xa non. Por que será?»



# O bosque

Nome \_\_\_\_\_


Data \_\_\_\_\_

1 **Escribe onde corresponda seguindo o código.**

esquío  
raposo

cogomelo  
papoula

leñador  
gardamontes



# A primeira conjugación

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Os verbos que teñen o infinitivo acabado en **-ar** pertencen á **primeira conjugación**.  
A maior parte dos verbos da primeira conjugación conxúganse como *andar*.

### 1 Localiza na sopa de letras seis verbos da primeira conjugación e escríbeos.

T	R	A	B	A	L	L	A	R
E	E	M	A	N	R	E	C	A
S	G	S	A	N	D	A	R	S
D	A	M	E	R	C	A	R	C
F	R	E	T	O	R	C	E	A
C	O	N	F	I	A	R	E	R

---



---



---



---



---



---

### 2 Escribe as formas indicadas do verbo *falar*.

	Presente	Pretérito imperfecto	Pretérito perfecto	Futuro	Condicional
1.ª persoa	falo		falei		falaría
3.ª persoa		falaba		falará	

### 3 Relaciona cada oración co tempo verbal correspondente.

Carme, presentaches o traballo de Música? ●

● Presente

Non lembraba a cor dos teus ollos. ●

● Pretérito imperfecto

Acompañarás a Miguel á festa? ●

● Pretérito perfecto

Penso moito en ti. ●

● Futuro

Compraría esta camisa. ●

● Condicional

# Palabras con v

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Escíbese con **v**:

- Despois de **-n**.
- As formas dos tempos de pasado dos verbos **ter** e **estar**: *tiven, estiven...*
- Moitas palabras como *avó, vila, vehículo, voda, vermello, verniz, avogado, gravata, chuvia, voitre...*

### 1 Completa con v ou b.

- Os dous amigos esti\_\_\_\_\_eron paseando polas aforas da \_\_\_\_\_ila.
- Este\_\_\_\_\_o ti\_\_\_\_\_o que en\_\_\_\_\_iarlle o regalo do a\_\_\_\_\_ó por un ser\_\_\_\_\_izo de mensaxeiros.



### 2 Fíxate no modelo e forma palabras con b ou v.

- botella ► embotellar    • vaso ► envasar    • vaíña ► \_\_\_\_\_
- bolsa ► \_\_\_\_\_    • veleno ► \_\_\_\_\_    • barca ► \_\_\_\_\_
- vicio ► \_\_\_\_\_    • bruxa ► \_\_\_\_\_    • viúvo ► \_\_\_\_\_

### 3 Forma unha palabra coas sílabas tónicas das palabras de cada grupo e debúxaa.

A

vaca

tesoira

rabo

A. \_\_\_\_\_

B. \_\_\_\_\_

B

ollo

vea

pallaso

# A localidade

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

REFORZO

1 **Escribe onde corresponda seguindo o código.**

concello  
igreja

praça  
avenida

viandante  
policía



# A segunda conjugación

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Os verbos que teñen o infinitivo acabado en **-er** pertencen á **segunda conjugación**.

Moitos verbos da segunda conjugación conxúganse como *varrer*.

### 1 Arrodea as seis formas verbais que pertencen a verbos da segunda conjugación.


- pensaban
- temen
- correrás
- partiamos
- bañín
- durmiredes
- escribo
- preme
- atendemos
- coñecías

### 2 Escribe as formas indicadas do verbo *varrer* e do verbo *coñecer* en 1.ª persoa.

	Presente	Pret. imperfecto	Pret. perfecto	Futuro	Condicional
<b>varrer</b>		varría			varrería
<b>coñecer</b>	coñezo			coñecerei	

### 3 Pinta cada parte do debuxo da cor que se indica.

- Verbos en presente: marrón claro.
- Verbos en pretérito imperfecto: azul escuro.
- Verbos en futuro: vermello.
- Verbos en pretérito perfecto: amarelo.
- Verbos en condicional: verde.
- Infinitivos: azul claro.



# Verbos rematados en -ber e -ver

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Escríbense con **b** todas as formas verbais dos verbos *beber, caber, deber, haber, lamber, saber e sorber*.

Escríbense con **v** todas as formas verbais dos verbos *ferver, ver, chover, volver, atrever...*

Tamén se escriben con **b** as palabras derivadas dos verbos rematados en **-ber** e con **v** as derivadas dos verbos rematados en **-ver**.

### 1 Completa con **b** ou **v**. Fixate se son verbos en **-ver** ou **-ber**.



- Ana sa\_\_\_\_\_ía que a escola \_\_\_\_\_ol\_\_\_\_\_ería gañar o campionato.
- Atre\_\_\_\_\_inme a sor\_\_\_\_\_er un pouco do zume, pero non me gustou.
- Como non ca\_\_\_\_\_ía na caixa, en\_\_\_\_\_ol\_\_\_\_\_ín o regalo con papel.
- \_\_\_\_\_in o gato que \_\_\_\_\_e \_\_\_\_\_ía auga da chu\_\_\_\_\_ia nunha poza do patio.

### 2 Escribe con **b** ou **v** cada palabra e relaciónaa co verbo que corresponda.

de\_\_\_\_\_eres ●

re\_\_\_\_\_isor ●

fer\_\_\_\_\_ura ●

\_\_\_\_\_ista ●

DEBER

VER

FERVER

● fer\_\_\_\_\_enza

● re\_\_\_\_\_isión

● dé\_\_\_\_\_eda

● efer\_\_\_\_\_escente

### 3 Completa con **-ver** ou **-ber** e forma unha oración con cada verbo.

- mo\_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_
- ca\_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_

# A horta

Nome \_\_\_\_\_


Data \_\_\_\_\_

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

froitas  
verduras

tesoiras  
cesto

labrar  
sementar



# A terceira conjugación

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Os verbos que teñen o infinitivo acabado en **-ir** pertencen á **terceira conjugación**.

Moitos verbos da terceira conjugación conxúganse como *partir*.

### 1 Arrodea só os verbos da terceira conjugación.



### 2 Risca a forma que non corresponda en cada caso.

<b>Pret. imperfecto</b>	mentía, lucían, subiría, oía, descubriades, imprimías
<b>Presente</b>	sentimos, cumpriron, dividen, serves, sorrí, cobres
<b>Futuro</b>	escribirá, traducirei, subides, descubrirán, cumpriremos, sairedes
<b>Condicional</b>	durmiría, abriades, fuxiriamos, vestirías, viviron, esculpirías

### 3 Esolle e completa cada oración coa forma que corresponde ás indicacións.

substituiría • fuxiamos • asistirán • admite • revestirá

- Henrique (*admitir*, presente) \_\_\_\_\_ que se equivocou.
- Se puidese, o avó (*substituír*, condicional) \_\_\_\_\_ o seu coche por un novo.
- De pequenos, meu irmán e mais eu (*fuxir*, imperfecto) \_\_\_\_\_ dos cans.
- Meus pais (*asistir*, futuro) \_\_\_\_\_ ao concerto de fin de curso.
- O carpinteiro (*revestir*, pretérito perfecto) \_\_\_\_\_ a parede con madeira.

# Verbos rematados en -bir e -vir

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Escríbense con **b** todas as formas verbais dos verbos da terceira conxugación rematados en **-bir**, excepto *servir*, *vivir*, *vir* e os seus derivados.

Tamén se escriben con **b** as palabras derivadas dos verbos rematados en **-bir** e con **v** as derivadas dos verbos rematados en **-vir**.

### 1 Escribe un verbo rematado en -vir ou -bir relacionado con cada palabra.

• escritura ► \_\_\_\_\_

• descripción ► \_\_\_\_\_

• inservible ► \_\_\_\_\_

• benvida ► \_\_\_\_\_

### 2 Completa con b ou con v.

#### Todos de acordo

Os donos das \_\_\_\_i\_\_\_\_endas do edificio  
inter\_\_\_\_iñeron na reunión da comunidade.  
Acordaron unha su\_\_\_\_a na cota do reci\_\_\_\_o  
e tamén contratar un ser\_\_\_\_izo de limpeza para  
o portal. Ademais decidiron poñer unha nota  
recordando a prohi\_\_\_\_ición de facer ruído pola noite.



### 3 Busca no texto anterior unha palabra que estea relacionada con cada un destes verbos.

• vivir ► \_\_\_\_\_

• subir ► \_\_\_\_\_

• recibir ► \_\_\_\_\_

• vir ► \_\_\_\_\_

• servir ► \_\_\_\_\_

• prohibir ► \_\_\_\_\_

# A tenda de roupa

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

REFORZO

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

escaparate  
probador

caixa  
manequín

dependenta  
cliente



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

**Lembra**

As formas dos verbos **ser** e **ir** son moi variadas.

Estes verbos conxúganse de xeito especial porque son irregulares.

**1 Atopa no texto formas verbais dos verbos ser e ir e sinálaas de acordo coas indicacións.**

vermello ▶ forma de *ser*

azul ▶ forma de *ir*

**Temos revisión**

Helena e mais eu somos compañeiras no equipo de baloncesto. Hoxe era o día da revisión médica e fomos pola mañá cedo á consulta, pero a doutora non estaba aínda. Daquela, Helena díxome dubidando:

–Será pola tarde a consulta...

–Non, á tarde hai adestramento.

Nisto chegou a doutora e sorprendeuse:

–Que facedes aquí tan cedo? As revisións son antes do adestramento. Iso vai moi rápido...

–Que che dicía eu? –dixo a miña amiga mentres iamos para a casa.

**2 Fíxate no uso das formas no exemplo e completa as oracións co axeitado.**

**e** ▶ A nai e a filla conversan.



**é** ▶ O pirata é feo.

- Recollín os libros \_\_\_\_\_ os cadernos.
- Esa cadeira \_\_\_\_\_ demasiado baixa.
- María \_\_\_\_\_ enfermeira.
- Visitei o museo \_\_\_\_\_ os xardíns.
- A nosa escola \_\_\_\_\_ grande.
- Sabela \_\_\_\_\_ Xoán son amigos meus.

# Palabras con es- e con ex-

Nome \_\_\_\_\_


Data \_\_\_\_\_

REFORZO


## Lembra

- Escríbense con **x** as palabras que comezan por **ex-** e polo prefixo **extra-**.  
Exemplo: *excelente, explicar, exclamar, excursión, experiencia, exterior, extraordinario...* Nestes casos a letra **x** pronúnciase coma **ks**.
- Escríbense con **s** moitas outras palabras que comezan pola sílaba **es-**.  
Exemplo: *estranxeiro, escarvar, excusa, espertar, espléndido, extraño...*

### 1 Ordena as sílabas e escribe a palabra resultante.



\_\_\_\_\_



### 2 Fixate no verbo e completa os substantivos relacionados con es- ou ex-.

- |                            |                           |
|----------------------------|---------------------------|
| • ____cavación ▶ escavar   | • ____trea ▶ estrear      |
| • ____pía ▶ espíar         | • ____premedor ▶ espremer |
| • ____plicación ▶ explicar | • ____tintor ▶ extinguir  |

### 3 Escribe cada oración substituíndo o subliñado pola palabra equivalente do cadro.

- Roi é un **entendido** en arranxar **reloxos con alarma**.

\_\_\_\_\_

- Na parede **da parte de fóra** do edificio había **insectos coleópteros**.

\_\_\_\_\_

- Aquel **filete empanado** estaba **moi rico de sabor**.

\_\_\_\_\_

experto

exterior

espertadores

exquisito

escaravellos

escalope

# A casa dos avós

Nome \_\_\_\_\_


Data \_\_\_\_\_

1 **Escrebe onde corresponda seguindo o código.**

cama  
cadeira

alfombra  
tarro

comedor  
quarto



# Os adverbios

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Os **adverbios** son palabras que expresan circunstancias de lugar, de tempo, de modo ou de cantidade.

### 1 Arrodea os seis adverbios que hai neste texto e despois clasifícaos no cadro.

#### Un paseo polo campo

Onte meu pai e mais eu fixemos un percorrido en bicicleta pola aldea. A meu pai gústalle moito ir pasear tranquilamente polos camiños do lugar. Sempre me conta as historias que viviu alí cando el era cativo. E eu descubro cada día máis cousas da historia da familia e da nosa terra.



Tempo	Lugar	Modo	Cantidade
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

### 2 Completa estas oracións co adverbio axeitado, segundo o que se indica.

alá • tarde • rapidamente • moitísimo • mañá

- Gústame \_\_\_\_\_ andar en bicicleta (*cantidade*).
- \_\_\_\_\_ teño que estudar para o exame de Lingua (*tempo*).
- Non me gusta chegar \_\_\_\_\_ ás citas (*tempo*).
- Miguel é aquel rapaz que está \_\_\_\_\_ (*lugar*).
- A policía chegou \_\_\_\_\_ ao lugar do accidente (*modo*).

# Palabras con i e con ll

Nome \_\_\_\_\_


Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Non se deben confundir os sons dalgunhas palabras galegas coas súas equivalentes en castelán.

- Teñen **i** (non **ll** nin **y**) palabras como *apoiar, boia, saia, praia, maio, ensaiar, raia, raio, iate, ioga...* e palabras que rematan en **i** como *lei, rei, moi...*
- Teñen **ll** (non **i** nin **x**) palabras como *espello, coello, lentella, ovella, parella, palla...*

### 1 Escribe as vogais que faltan no nome destes elementos.



### 2 Completa as palabras destas oracións con **ll** ou **i** segundo corresponda.

- Ro \_\_\_\_\_ foi pasear pola pra \_\_\_\_\_ a e acabou co pantalón e co xerse \_\_\_\_\_ mo \_\_\_\_\_ ados
- Era ma \_\_\_\_\_ o e xa ía calor, pero el tiña anto \_\_\_\_\_ o de lente \_\_\_\_\_ as quentes.
- A xo \_\_\_\_\_ a preferida da fi \_\_\_\_\_ a do re \_\_\_\_\_ era a sorte \_\_\_\_\_ a coa pedra verme \_\_\_\_\_ a.

### 3 Escribe unha oración en que apareza cada parella de palabras.

toalla    vermella

---

coello    orella

---

# A escavación arqueolóxica

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_


REFORZO

1 **Escrebe onde corresponda seguindo o código.**

pincel  
esporta

roto  
valioso

escavar  
limpar



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

**Lembra**

Os **enlaces** son palabras que serven para unir outras palabras ou grupos de palabras entre si. As dúas clases de palabras que funcionan como enlaces son as **preposicións** e as **conxuncións**.

- Cando os enlaces unen palabras ou grupos de palabras que dependen uns dos outros chámanse **preposicións**.
- Cando os enlaces unen palabras ou grupos de palabras que non dependen entre si chámanse **conxuncións**.

**1 Fíxate nas palabras destacadas e arrodéaaas segundo o tipo de enlace que sexan.**

vermello ► preposicións

azul ► conxuncións

**Visitando a biblioteca**

Onte fun **con** algúns compañeiros **a** unha biblioteca. Vimos a sección **de** infantil **e** tamén a sala **de** maiores. A bibliotecaria explicounos cousas interesantes **sobre** os ficheiros, **pero** Pascual **nin** o entendeu **nin** puxo interese **por** enténdelo.

**2 Completa coa conxunción necesaria.**

e • ou • pero • nin

- A avoa ten un canario \_\_\_\_\_ o avó ten un can.



- Eu quería ir ao cine \_\_\_\_\_ non me quedaban cartos.

- Queres salchicha \_\_\_\_\_ prefires hamburguesa?



- Xosé non quere ler \_\_\_\_\_ xogar a nada.

# As contraccións

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

As palabras **a, con, de, en** e **por** cando se atopan cos artigos **o, a, os** e **as** únense a eles e forman unha soa palabra: **ao** ou **ó, á, aos** ou **ós, ás; co, coa, cos, coas; do, da, dos, das; no, na, nos, nas; polo, pola, polos, polas.**

Estas formas chámanse **contraccións**.

### 1 Forma as contraccións que se indican para completar as oracións.

- Os alumnos (de + o) \_\_\_\_\_ segundo ciclo irán (a + o) \_\_\_\_\_ acuario de excursión.
- Non debemos correr (por + os) \_\_\_\_\_ corredores (de + a) \_\_\_\_\_ escola.
- Cando vaias (por + a) \_\_\_\_\_ rúa, presta atención (a + os) \_\_\_\_\_ sinais de tráfico.
- Miña nai traballa (en + o) \_\_\_\_\_ auditorio (con + a) \_\_\_\_\_ túa irmá.

### 2 Completa coas contraccións que acaian para que cada oración teña sentido.

- Guillermo foi \_\_\_\_\_ médico para facer unha revisión \_\_\_\_\_ columna.
- A nós gústanos moito pasear \_\_\_\_\_ rúa peonil \_\_\_\_\_ amigos.

### 3 Arrodea as contraccións e di que palabras as forman.



#### A salvo

Unha tarde dun caloroso día de verán, unha onda sorprendeu a un bañista que tomaba o sol nunha rocha e arrastrouno mar dentro. Por sorte, o bañista náufrago atopouse cunha táboa que flotaba sobre a auga. Agarrouse a ela e nadou deica a praia.

---



---

# O museo

Nome \_\_\_\_\_


Data \_\_\_\_\_

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

vitrina  
pedestal

cadro  
estatua

preguntar  
informar



## A oración: suxeito e predicado

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

**Os oracións** son grupos de palabras ordenadas que expresan unha idea e conteñen polo menos un verbo.

As oracións teñen suxeito e predicado.

- O **suxeito** da oración é a persoa, animal ou cousa a que se refire o verbo.
- O **predicado** da oración é o que se di sobre o suxeito.

## 1 Marca as expresións que sexan oracións.

 lume montaña iniciou na.

 Gústame os libros de aventuras.

 calor e sol vai

 A vindeira semana veñen os meus curmáns.

## 2 Ordena as pezas e escribe as oracións que formes.

Miguel

e

estudan

francés

Roi

cans

estaban

Estes

en

a

canceira

## 3 Arrodea o suxeito e subliña o predicado en cada oración.

- Esta reloxeira arranxa os reloxos de corda.
- Meu irmán virá ás cinco.
- Marga e Xoán van ao cine cada fin de semana.
- Deume isto a veciña do terceiro.



# Os dous puntos

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Escíbense **dous puntos** (:):

- Diante dunha enumeración que se anuncia.
- Antes de citar as palabras exactas que dixo alguén.

### 1 Escribe os dous puntos onde cumpra.



#### Verán ou inverno?

Miña nai sempre di \_\_\_\_ «No verán, todo o mundo vive!» E é que cando chega o verán eu non paro. Gústame facer moitas cousas \_\_\_\_ andar en bicicleta, nadar, tomar o fresco...

O meu amigo Toño di \_\_\_\_ «Se non existise o verán, non sei se podería vivir.» E eu dígolle \_\_\_\_ «Pois claro que poderías!» Porque o inverno tamén ten cousas boas \_\_\_\_ a liga, os amigos da escola, as tardes de chuvia vendo unha película...

### 2 Pensa e escribe o que che gustaría facer no verán. Non esquezas os dous puntos.

No verán gustárame facer moitas cousas \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



### 3 Completa o que din os personaxes. Non esquezas os dous puntos nin as comiñas.

Xa liches o libro que che emprestei?

Fáltame pouco para acabalo.



Clara preguntoulle a Uxío \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ e Uxío

contestoulle \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

# O barco

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_


REFORZO

1 **Escrebe onde corresponda seguindo o código.**

cabina  
cuberta

mariñeiro  
pasaxeiros

âncora  
remo



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

**Lembra**

Cando falamos, podemos expresar diferentes intencións.

- As oracións que utilizamos para dar información son oracións **enunciativas**.
- As oracións que utilizamos para facer preguntas son oracións **interrogativas**.
- As oracións que utilizamos para dar ordes ou para prohibir son oracións **exhortativas** ou **imperativas**.
- As oracións que utilizamos para expresar emocións son oracións **exclamativas**.

**1 Relaciona.**

- |                                    |                          |
|------------------------------------|--------------------------|
| A que hora chegaches? ●            | ● Expressa unha emoción. |
| A temperatura baixou dous graos. ● | ● Fai unha pregunta.     |
| Noa, pecha a porta, por favor. ●   | ● Expressa unha orde.    |
| Um, que boa está a pizza! ●        | ● Dá unha información.   |

**2 Le o texto e copia unha oración de cada tipo onde corresponda.****Unha festa sorpresa**

O sábado celebraremos unha festa sorpresa para mamá.  
Que ganas teño de verlle a cara! Virán tamén  
as súas compañeirás do colexio?  
–Papá, avisa tamén ás curmás de Ourense.



<b>Oración enunciativa</b>	
<b>Oración interrogativa</b>	
<b>Oración exclamativa</b>	
<b>Oración exhortativa</b>	

# Os puntos suspensivos

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lembra

Os **puntos suspensivos** (...) escríbense nos casos seguintes:

- Cando deixamos incompleta unha enumeración.
- Cando interrompemos unha oración para expresar dúbida, sorpresa, temor...

### 1 Arrodea os puntos suspensivos deste texto seguindo o código.

vermello ► enumeración incompleta

azul ► expresión de dúbida, sorpresa, temor...

#### Amodo, Noa!

Noa é unha rapaza un pouco travesa. É valente, atrevida, arriscada... En definitiva, un fervello. Velaquí a tedes gabeando por unha árbore. Pero... que é iso? Ai! Un paxariño saíu voando a un palmo do nariz de Noa! Que susto!



### 2 Escribe os puntos suspensivos e explica o que indican: enumeración incompleta, dúbida, sorpresa ou temor.

- O mago levantou a variña e \_\_\_\_ Oh, que marabilla! ► \_\_\_\_\_
- Comprarei leituga, peras, tomates, laranxas \_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_
- É que eu \_\_\_\_ perdín o reloxo. ► \_\_\_\_\_
- Seu pai chámase \_\_\_\_ chámase Xoán! ► \_\_\_\_\_

### 3 Escribe unha oración con puntos suspensivos sobre o debuxo.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



# O estudio de televisión

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

REFORZO

**1** Escribe onde corresponda seguindo o código.

micrófono  
foco

presentadora  
técnico de son

filmar  
maquillar

